

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------|----------|---------------|
| 15002761 | CEIP Plurilingüe de Carnota | Carnota | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Relixión Católica | 6º Inf. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 11 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 12 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 13 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 14 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 16 |
| 9. Outros apartados | 16 |

1. Introducción

Antes de nada dicir que o acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de Relixión Católica.

E no Real Decreto 95/2022do 1 de febreiro, dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerarquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de Relixión Católica- son de oferta obligatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O Ceip Plurilingüe de Carnota é un centro situado no entorno rural da Costa da Morte. Recibe alumnado dos arredores do centro educativo e de parroquias do concello. O número de alumnos/as que escollen esta asignatura é alto, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

A proposta educativa nesta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Complementa á vez a necesaria educación en valores humanos e cristiáns. Tomando sempre ó alumno/a (coas súas circunstancias persoais, o seu nivel de aprendizaxe, as súas características evolutivas) como soporte fundamental inténtase facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ó rapaz/a, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

A ensinanza relixiosa pretende achegar ó rapaz/a as claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia na contorna, a que desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie na comunicación con Deus. A iniciación, a formación relixiosa e moral fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, contribúe as destrezas e habilidades. Para isto valémonos dos elementos cristiáns presentes na contorna, imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible unha comprensión da experiencia relixiosa axeitada a estas idades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1 | | | 1 | 1 | | | |
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana. | | | | | 1 | 1 | | |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | | | | | | 1 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza. | | | | | | | 1 | 1 |
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | 1 | | | | | 1 | | |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa. | 1 | | | | | | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1 | E sobre o noso mundo | Tratamento desde a contorna | 6 | X | | |
| 2 | Xesús nace en Nazaré | A felicidade que nos inspira o Nacemento | 8 | X | | |
| 3 | Xesús aténdeme | O coidado | 5 | | X | |
| 4 | En ruta á Pascua | A súa simboloxía | 6 | | X | |
| 5 | A Nosa Nai e as tradicións | O que facemos en momentos puntuales do ano | 5 | | | X |
| 6 | Nós membros da gran Familia | A nosa laboura | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1 | E sobre o noso mundo | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | É autónomo para facer algunha atcvidades cotiás básicas. | TI |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando productos artísiticos. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 2 | Xesús nace en Nazaré | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...) | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3 | Xesús aténdeme | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor | TI |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións | |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica | |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas. | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús. | |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico. | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa lelicia pola celebración do nacemento de Xesús. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. |

Contidos

- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 4 | En ruta á Pascua | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|----|
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades. | Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa | TI |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoos en personaxes de narracións bíblicas. | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús. | |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...) | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Respecta ás diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 5 | A Nosa Nai e as tradicións | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|----|
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio. | É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...) | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...) | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas. | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. |

Contidos

- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- A figura da Virxe María.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 6 | Nós membros da gran Familia | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva. | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais. | TI |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica | |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Disfruta elaborando producións artísticas (pintura, escultura e arquitectura...) | |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas | |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto. | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas | |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Respecta as diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, maxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

Insertaremos historias e pasaxes da Biblia, narracións que se acheguen ás idades dos rapaces/zas.

Eles son os protagonistas, partir da súa realidade persoal, familiar, social e cultural, espertar a curiosidade. A partires da experiencia propia, do seu corpo e da súa vida pretendemos que descubra a vida e a mensaxe de Xesús, e como esa vida e mensaxe nos amosan un camiño de felicidade e amor.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Biblia infantil |
| Materiais funxibles para produccions artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...) |
| Monicreques |
| Imaxes de distintas produccions artísticas (pintura, escultura, arquitectura) |
| Biblia infantil e textos curtos de pasaxes bíblicas, |
| Materiais audiovisuais |
| Murais |
| Xogos manipulativos e puzzles |
| Cubetas de plástico |
| CDs de música |
| Pizarra e interactiva |
| Fotos de traballos da aula |
| Material plastificado, manipulativo da mestra: completa imaxes, descubre pictogramas |
| Material de refugallo e elementos da natureza |

Os materiais para produccions artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

Os libriños que van facendo cas súas produccions.

O material manipulativo plastificado, facilita unha mellor comprensión e axuda a unha boa adquisición das competencias básicas, a facilidade de poder unir pezas mediante velcro, facilita a axuda e o desenvolvemento da actividade.

As fotografías de tarefas que van facendo.

As cubetas utilízanse para gardar manualidades que fan, pezas de puzzles, xogos manipulativos de tarxetas, así evitamos o deterioro dos materiais, así como tratamo de conseguir orde e limpeza no traballo diario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos. Memory game, pictogramas, imaxes-palabra, fotografías.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación Infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado. A boa relación entre iguais, a capacidade de pedir perdón e de perdoar, axuda, colaboración, empatía, a mellora en todo o proceso que cada día vai en progreso.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.
- Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, os diferentes intereses e motivacións, co material manipulativo plastificado o rapaz/a consegue reforzar ou ampliar o tratado na procura da consecución das competencias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para a solidariedade | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Dereitos dos nenos | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Expresión e comprensión oral | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Todos os temas terán unha presenza diacrónica ó longo do currículo. Adquisición de comportamentos para unha boa convivencia, valorar o coidado e amor da familia, respectar o que temos os demais e que nos respecten, valorar o non material, rexeitar actitudes consumistas, admirar a natureza, reciclar, reutilizar, ter actitudes solidarias, respecto polos dereitos humanos, coidado no uso da linguaxe.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Diferentes celebracións, festas, ó longo do curso escolar | O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas desde os diferentes equipos, entidades, asociacións, familias | X | X | X |

Observacións:

O alumnado participará nas diferentes actividades e festividadeas propostas polo centro. A asignatura queda aberta a charlas, visitas dentro e fóra da aula de persoas, entidades e organizacións que poidan aportar vivencias e experiencias. Tamén a participación en saídas pola contorna do colexio, á aldea, exposicións, concursos.

As actividades complementarias da asignatura axústanse ós cambios de tempo litúrxico, momentos nos que se farán diferentes tarefas que rompen o ritmo habitual da aula segundo o curso e o ciclo litúrxico: investigacións, manualidades, xogos didácticos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada. |
| Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe. |
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo. |
| Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo. |
| Adapto as actividades a diversidade da aula. |
| Potencio a participación dos alumnos na aula. |
| Vínculo o aprendizaxe ca vida real. |
| Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento. |
| Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe. |
| Fomento a autoavaliación e a coavaliación. |
| Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes. |
| Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro. |
| Favorezo a autoestima do alumnado |
| Utilizo recursos e materiais variados, tendo en conta o gusto e interese do alumnado |
| Participo activamente na realización da programación didáctica |
| Mostro disposición para atención das necesidades do centro, atencións ás familias |
| Colaboro para un funcionamento dos equipos |

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto: Sen dificultade/ Con dificultade/ En proceso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.
- Atención e interese.
- Material aconsellable e outro que non é funcional.

Como proposta de mellora a optimización dos tempos adicados a asignatura.

- Actividades aconsellables, beneficiosas e consideradas importantes para ter en conta outros cursos e poder repetilas ou non.

9. Outros apartados